



Magdalena Carmen Frida Kahlo Calderón é mais coñecida como Frida Kahlo. Foi unha pintora mexicana da cidade de Coyoacán. Naceu o 16 de xullo de 1.907. Ela di que naceu no ano 1910, non por facerse máis nova, senon pola revolución mexicana. O seu pai chamábase Guillermo Kahlo e a súa nai Matilda Calderón. Tiña 3 irmás Matilda, Adriana e Cristina. Algúns dos seus cadros son “Viva la vida”, “Columna rota”, “El venado Herido”, “ Las dos Fridas”, “ Diego y yo”, etc... Morreu o 13 de xullo de 1.954.

Frida Kahlo era alta e medía 1,60 m. Tiña o pelo negro e os ollos eran marróns como o café. As súas cellas eran poboadas e prolongábanse a un entrecello. Vestía de roupa longa para que non se vise a súa prótese. Levaba flores na cabeza a xogo co vestido. Púñase moitas xoias como aneis e colares.



Cando era pequena, con 6 anos, desenvolveu a polio. Con 18 anos, o 17 de setembro de 1925, ía en autobús e chocou contra un tranvía. As consecuencias foron fractura na terceira e cuarta vértebras lumbares. Tamén sufriu tres fracturas na pelve, once fracturas no pé dereito e luxación no cóbado esquerdo. Resultou ferida no abdome e tivo peritonite aguda. As cousas que lle gustaba facer eran pintar cadros explicando a súa vida. Tamén coleccionar artesanía mexicana e xoias. Adoraba aos animais, as bonecas, escribir cartas, escoitar cancións dos Mariachis e ir o teatro. O que máis lle gustaba de todo era cantar, bailar e armar festa. En 1922 casou con Diego Rivera, un pintor mexicano. Ela dicía que se pintaba a ela mesma por que era a quen mellor coñecía. Algunhas das súas frases: “Para que quero pés si tengo alas para volar”.